

Comentarios de Texto -Colonialismo e I Guerra Mundial-

DOC 1

“A civilización que nos vén de Europa é voraz e dominante: consome os pobos que invade e extermina as razas que se opoñen á súa conquista. É unha civilización con tendencias caníbales: oprime os débiles, e enriquece ás súas expensas. É unha máquina de triturar. Alá onde vai, sementa envexas e disensións. É unha civilización científica, pero non humana. O seu poder vén de que concentra todas as súas forzas no único obxectivo de enriquecerse, como o faría un millonario que vende a súa alma por unha fortuna”

Discurso do filósofo hindú Rabindranath Tagore na Universidade Imperial de Tokio, 1916

DOC 2

“Falar de paz está de moda. Pero é en honor da paz que estamos a construír uns orzamentos de guerra colosais. Ah! A boa paz!. O alimento que devora o sangue dos pobos. Enviar ás fábricas metalúrxicas unha orxía de pedidos para preparar a guerra é un vello truco. Non, non, din, é para asegurar mellor a paz. Acoirazados e máis acoirazados, orzamentos e máis orzamentos, millóns e máis millóns, tremendo brandito leito para esa boa deusa da paz”

Jean Jaurès (socialista e político francés) no diario L’Humanité 27 de outubro de 1905

DOC 3

“Hai que habituar o pobo alemán a pensar que unha guerra ofensiva da nosa parte é unha necesidade para combatermos as provocacións do adversario. Hai que levar a cuestión de tal maneira que, baixo a penosa impresión de armamentos poderosos, de sacrificios considerables e dunha situación política tensa, se considere como unha liberación o desencadeamento da guerra; e hai que preparar esta dende o punto de vista económico...”

Estes son os deberes que afectan ó noso exército e que esixen un efectivo elevado...”

Informe de Von Moltke, 13 marzo 1913

DOC 4

“Francia non está aínda preparada para o combate. Inglaterra enfréntase con dificultades interiores e coloniais. Rusia rexeita a guerra, porque teme a revolución interior. Imos agardar a que os nosos adversarios esteán preparados ou debemos aproveitarnos do momento favorable para provocar a decisión? Esta é a grave cuestión que hai que zanxar. O exército austríaco é aínda fiel e útil. Italia está aínda firmemente ligada á Triple Alianza e incluso se prefire [...] manter a paz para restañar as feridas da derradeira guerra, sabe [...] que se Alemaña é derrotada, quedará sen remedio a mercede da violencia de Francia e Inglaterra e perderá a súa posición independente no Mediterráneo. [...] Podemos igualmente contar chegado o caso con Turquía e Romanía [...]. Poderíamos ter a dirección da política europea mediante una ofensiva resolta, e poderíamos asegurar o noso porvir. Isto non quere dicir que debemos provocar a guerra; pero alá onde se manifeste un conflito de intereses [...] non debemos retroceder, se non solucionalo mediante a guerra e comenzala cunha ofensiva resolta, pouco importa o pretexto, porque non se trata dese conflito, senón do noso porvir, o que está en xogo.”

Artigo aparecido no periódico alemán Die Post, 24 de febreiro de 1914.